MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

ASUNTO: Rectificación das bases reguladoras do proceso de selección do persoal docente e de apoio do Programa de Formación-Emprego "MAIV TALENTO MOZO 2026" por erro material detectado no baremo

(EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 657/14)

INFORME PROPOSTA

Por Resolución de data 15.09.2026 da Concelleira delegada da MAIV aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección do persoal docente e de apoio do Programa de Formación-Emprego "MAIV TALENTO MOZO 2026", incorporadas como Anexo I á citada resolución, correspondentes aos seguintes postos:

- Experto/a docente de Marketing e comunicación.
- Experto/a docente de Dinamización comunitaria.
- Administrativo/a.

Unha vez revisado o contido do **Anexo I. Bases específicas**, advírtese un erro na redacción dos apartados **1.6.c) e 2.6.c)**, relativos á valoración dos cursos relacionados coas funcións propias a desenvolver nos postos de experto/a docente en Marketing e comunicación e experto/a docente en Dinamización comunitaria, respectivamente. Concretamente en ámbolos dous apartados, 1.6.c) e 2.6.c), establécese a valoración da formación realizada segundo a duración dos cursos, nos seguintes intervalos:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 200 a 599 horas: 0,50 puntos.
- Cursos a partir de 600 horas: 0,75 puntos.

Ao iniciarse os traballos preparatorios para a baremación da fase de méritos, advertiuse que a redacción destes apartados contén unha omisión no intervalo correspondente aos cursos de 100 a 199 horas, ao non quedar estes incluídos en ningún dos tramos establecidos.

A incidencia foi detectada con carácter previo á fase de valoración de méritos, polo que, na data da presente proposta, non se reuniu aínda o órgano de selección para a realización da fase de baremación das persoas aspirantes nin se aplicou en ningún caso o baremo contido nestes apartados.

Á vista do anterior, considérase procedente completar o intervalo omitido, modificando a referencia aos cursos de "50 a 99 horas" pola de "50 a 199 horas", mantendo inalteradas tanto a puntuación asignada a este tramo como o resto dos intervalos e puntuacións establecidos nas bases.

A corrección desta omisión debe efectuarse co obxecto de que o baremo recolla de forma completa e coherente os diferentes intervalos de duración dos cursos, mantendo inalterada a puntuación prevista para cada tramo. Deste xeito, o baremo quedaría completo e permite a valoración dos cursos de formación de acordo coa súa duración, sen alterar as puntuacións previstas nin introducir novos criterios de valoración.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que as administracións públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No presente caso, a incidencia detectada afecta exclusivamente á delimitación dun dos intervalos de duración dos cursos de formación previstos no baremo, quedando sen contemplar o período comprendido entre 100 e 199 horas.

A corrección proposta limítase a completar o intervalo omitido, mantendo a puntuación xa prevista para os cursos comprendidos entre 50 e 99 horas, sen modificar o resto dos criterios, puntuacións ou requisitos establecidos nas bases.

Así mesmo, a rectificación realízase con carácter previo á valoración dos méritos.

En consecuencia, considérase procedente rectificar os apartados indicados, deixando constancia expresa da modificación e procedendo á súa publicación polos mesmos medios empregados para a publicación das bases, e elévase á Presidencia (competencias delegadas na concelleira membro da Mancomunidade, Dª Patricia Rodríguez Calviño por Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de competencias) a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o erro material existente nos apartados 1.6.c) e 2.6.c) do anexo de bases específicas do proceso de selección do persoal do Programa de Formación-Emprego «MAIV TALENTO MOZO 2026».

SEGUNDO.- No apartado 1.6.c), correspondente á especialidade de Experto/a docente en marketing e comunicación, onde figura: "Cursos de 50 a 99 horas: 0,25 puntos." debe figurar: "Cursos de 50 a 199 horas: 0,25 puntos."

TERCEIRO.- No apartado 2.6.c), correspondente á especialidade de Experto/a docente en dinamización comunitaria, onde figura: "Cursos de 50 a 99 horas: 0,25 puntos." debe figurar: "Cursos de 50 a 199 horas: 0,25 puntos."

CUARTO.- Manter inalterados o resto dos intervalos, puntuacións, criterios e demais contido das bases reguladoras do proceso selectivo.

QUINTO.- Aprobar, en consecuencia, o texto das bases rectificadas incorporadas a este expediente e como anexo a este documente e que substitúe, para os efectos da súa aplicación no proceso selectivo, ao texto anteriormente aprobado, mantendo inalterado o resto do seu contido.

SEXTO.- Facer constar que a presente rectificación se efectúa con carácter previo á valoración da fase de méritos, non tendo sido aplicado o baremo afectado ás persoas aspirantes.

SÉTIMO.- Proceder á publicación da presente rectificación polos mesmos medios empregados para a publicación das bases reguladoras do proceso selectivo (taboleiro de anuncios da entidade e páxina web www.maiv.org), para xeral coñecemento das persoas interesadas.

OITAVO.- Contra a presente resolución poderán interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses; ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso

contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica da MAIV
Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)

DECRETO

Vista a proposta precedente, no uso das atribucións que me confire o acordo de delegación de competencias do Presidente da MAIV de data 21 de xullo de 2023, e de conformidade coas facultades que confire a lexislación vixente, en especial o artigo 186 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

prestar a miña conformidade coa devandita proposta.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 21/07/2023)
Patricia Rodriguez Calviño

Dou fé,
A SECRETARIA DA MAIV
Susana Gallardo Fariña

